



MANIFESTO POR UNHA CIDADANÍA INCLUSIVA

15 de abril de 2010

Nós, persoas pertencentes a diversos colectivos que sofren exclusión social, reunidas en Santiago de Compostela o día 10 de abril de 2010 no marco do I Encontro Galego de Cidadanía Inclusiva organizado pola Rede Galega de Loita contra a Pobreza (EAPN - Galicia) para falar dos Dereitos de Cidadanía e Igualdade, recoñecidos na Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea de 1 de decembro de 2009:

MANIFESTAMOS:

- ▶ Somos persoas dispostas a coñecer e exercer os nosos **dereitos, pero coa mesma intensidade** queremos cumprir e estamos dispostas a asumir as nosas **obrigas** e deberes.
- ▶ Queremos **dispoñer de oportunidades para a nosa integración**, non buscamos vivir de favores nin da caridade. Non estamos de acordo con aquelas persoas que buscan facer das axudas unha forma de vida senón que nos consideramos “válidas” para conseguir unha integración plena en igualdade de condicións.
- ▶ Existe un gran **descoñecemento sobre a realidade dos diferentes colectivos** que sofren exclusión social. A imaxe que transmiten os medios de comunicación expresa estereotipos negativos acerca dos colectivos e comunidades vulnerables moi afastados da realidade, que condicionan a visión social destas persoas. Sempre tiran o peor porque é o que vende.
- ▶ **A discriminación existe**, é algo real e pasa todos os días, tanto por idade, aspecto, discapacidade, etnia, nacionalidade... A ignorancia e a falta de educación fomentan actitudes racistas.
- ▶ A situación laboral e **o contexto de crise provocan certa “submisión”** por temor á perda do emprego ou outras situacións persoais. Non asumimos esta discriminación e estamos dispostas a cumprir os nosos deberes pero sen ser esmagadas. Necesitamos información sobre dereitos laborables e que o sector empresarial se comprometa co seu cumprimento.
- ▶ Queremos un **emprego legal e digno** e estamos capacitadas para traballos con maior responsabilidade da que teñen aqueles aos que habitualmente accedemos.
- ▶ **Non existe unha cultura da participación da cidadanía**, o que ás veces provoca sensación de esgotamento e preguiza á hora de sermos máis participativas (pregúntaste: para que?). É difícil encontrar espazos de participación activa pero consideramos que é imprescindible que se escoiten as nosas historias e que se valore a nosa opinión e experiencias. Necesitamos sentirnos importantes. Quen ostenta el poder, por acción ou omisión, non pode anular a voz da cidadanía.



PROPOÑEMOS

- Fronte ao conformismo da sociedade apostamos por unha **participación plena e activa**, para a que a achega persoal é fundamental. O primeiro é o traballo individual de sensibilización no noso contorno máis próximo e, a partir de aí, termos presenza en asociacións e colectivos, redes, foros (todos eles con estrutura horizontal e participativa), etcétera, para así facermonos oír pola sociedade e polos políticos.
- Un **traballo en rede** e máis coordinado entre as diferentes asociacións que traballan por e para os colectivos vulnerables, xa que adoitan ter intereses e demandas comúns aínda que para beneficiarios diferentes. Esta unión podería traducirse en máis peso e máis forza nas demandas.
- Precisamos **información e formación** para cambiar a sociedade, fomentar a inclusión social, a interculturalidade, unha visión diferente da inmigración, da discapacidade e, en definitiva, o cumprimento efectivo dos nosos dereitos: “**coñécenos antes de nos xulgares**”.
- Cremos na necesidade de **introducir contidos educativos** de inclusión social no noso sistema educativo formal e tamén en contornos familiares porque, ás veces, aqueles que somos pais e nais transmitimos estes valores negativos aos nosos fillos.
- Ante a falta de control e lentitude dos sistemas públicos ou privados de intervención social e axudas, propoñemos unha **maior transparencia e axilidade** na súa xestión, de maneira que deixen de ser ferramentas de “favores ou caridade” e se convertan en instrumentos de inclusión social. Propoñemos axudas concretas con medidas de conciliación que apoiem as mulleres especialmente discriminadas.
- Queremos impulsar nos **medios de comunicación** (incluído Internet) un coñecemento real dos nosos colectivos que rompa a visión parcial e xeralmente negativa que se ten de nós. Consideramos que os medios de comunicación teñen e deben ter unha función educativa e un papel activo a prol da igualdade difundindo os nosos valores positivos.
- Coñecemos moitos empresarios que cumpren a lexislación e que non discriminan. Propoñemos **incentivar estes empregadores** para que poidan formar e contratar a persoas dos nosos colectivos, para que poidamos acceder con igualdade de oportunidades ao traballo que nos propoñamos.
- Insistimos de maneira especial na necesidade de que **a lei rompa e persiga a delincuentes e mafias** que subsisten e se enriquecen aproveitándose da nosa situación persoal.
- Pedimos que se actúe para **evitar as bolsas de pobreza en todo o mundo**, para que as persoas non se vexan na obriga de emigraren ou viviren en condicións de marxinalidade.